

**EXTRACTO DOS ACORDOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 28 DE AGOSTO DE 2017.**

**Alcalde:**

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

**Concelleiros:**

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

**Secretario accidental:**

D. JORGE GARCÍA FERNÁNDEZ.

**Interventora accidental:**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> CARMEN MÉIJOME ÁLVAREZ.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA N° 35 DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 21 DE AGOSTO DE 2017.-**

Acordouse aprobar a acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local núm. 35/2017 do día 21 de agosto de 2017.

**2.- EXPEDIENTE 2404/2017. INFORME OU CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA.-**

Acordouse aprobar o informe do Inspector Xefe de Obras e Servizos no expediente 2404/2017 informe da vivenda correspondente á finca rexistral número 44.600 do Rexistro da Propiedade de Lalín, sita na Rúa do Medio – Lalín.

### **3.- EXPEDIENTE 2408/2017. INFORME OU CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA.-**

Acordouse aprobar o informe do Inspector Xefe de Obras e Servizos no expediente 2408-2017 informe acreditativo de que non se adoptaron medidas de restauración da legalidade urbanística ou ambiental da vivenda con referencia catastral 2838003NH7223N0021AZ, sita na rúa Observatorio nº 8 - 2º de Lalín.

### **4.- EXPEDIENTE 3033/2017. INFORME OU CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA.**

Acordouse aprobar o informe do Inspector Xefe de Obras e Servizos no expediente 3033/2017 información urbanística sobre a parcela onde se atopa a estación de servizo identificada coa referencia catastral 000402600NH72C0001JX, no Plan Parcial Areal 1 en Lalín.

### **5.- EXPEDIENTE 3776/2017. INFORME OU CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA.-**

Acordouse aprobar o informe do Inspector Xefe de Obras e Servizos no expediente 3776-2017 información urbanística dunha parcela no lugar de Bailás, parroquia de Goiás en Lalín.

### **6.- EXPEDIENTE 3918/2017. SOLICITUDES DE ALTA NA TAXA DE AUGA E SANEAMENTO.**

Acordouse aprobar a relación de varias solicitudes de acometida á rede de abastecemento de auga e saneamento e altas de contador.

### **7.- EXPEDIENTE 3882/2017. FACTURAS E CONTAS.-**

Acordouse aprobar a relación de facturas nº 00061 por importe de 167.688,65 €.

### **8.- EXPEDIENTE 3919/2017. SOLICITUDE DE COLABORACIÓN DO CONCELLO PARA CELEBRACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS.**

## **CLUB HÍPICO JUAN OLIVEIRA.**

Acordouse a colaboración do Concello para a celebración dun Campionato dobre: Provincial de Doma Clásica, ademais da 3º xornada da Liga Interclubs de Doma Clasica zona sureste que se realizará o próximo día 17 de setembro.

### **9.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 392/2017. LICENZA URBANÍSTICA DE OBRAS MAIORES EXP. 8381/16.-**

Acordouse CONCEDER LICENZA DE OBRA para acometer obras de reforma e ampliación de edificio entre medianeiras (2 vivendas) na rúa Matemático Rodríguez núm. 11 Lalín.

### **10.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3804/2017. CP2 ACTIVIDADES CON OBRAS-COMUNICACIÓN PREVIA.**

Acordouse CONCEDER LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN E ACORDAR A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE para o exercicio da actividade consistente en centro de formación na rúa B nº 60 – baixo esquerda – Lalín.

### **11.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3734/2017. CP4 OBRAS SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA.-**

Acordouse a EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para conservación e mantemento de cuberta no edificio sito na rúa Joaquín Loriga núm.21 en Lalín.

### **12.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3973/2017. REPOSICIÓN Á LEGALIDADE DE ACTUACIÓNS EN CURSO DE EXECUCIÓN SEN TÍTULO HABILITANTE OU ORDE DE EXECUCIÓN OU SEN ADAPTARSE ÁS SÚAS CONDICIÓN.-**

Acordouse requirir formalmente a J. A. R. M. F. para que, no prazo de tres meses, presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente, coa toda a documentación correspondente, relativa ás obras obxecto deste procedemento de reposición da legalidade.

**13.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 727/2017. COMUNICACIÓN PREVIA EN MATERIA URBANÍSTICA (URBANISMO) CP4 ANTECEDENTES EXPS 8678/16 8057/15 E 15/08/U.-**

Acordouse desestimar na súa totalidade o recurso de reposición presentado contra o acordo da Xunta de Goberno Local, de data 24/04/17, polo que se declarou a ineficacia da comunicación previa de obras presentada por el para construción/legalización dunhas obras en Maceira, 35 – Lalín.

**14.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 1416/2017. EXECUCIÓN DE GARANTÍA DE URBANIZACIÓN.-**

Acordouse recoñecer unha obriga por importe de 96,70 € a favor de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, relativa ó expediente EXP248317050077.

**15.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 62/2017. CONTRATO DE SERVIZOS POR PROCEDIMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN. CSE082017 . LIMPEZA CEIP E ESCOLAS INFANTÍS.-**

Acordouse adjudicar os lotes núm. 1: CEIP Zona rural e núm. 3: Escolas Infantís e adjudicar o lote núm. 2: CEIP zona urbana.

**16.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3774/2017. CONTRATO MENOR DE SERVIZOS.-**

Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 21.538,00 € (IVE incluído) con destino á contratación da Análise da situación actual da concesión de xestión do Servizo Público de Saneamento e Abastecemento do

Concello de Lalín.

**17.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3907/2017. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LALÍN E A ASOCIACIÓN CULTURAL O NARANXO PARA A COORGANIZACIÓN DO EVENTO CULTURAL “ALGARAVÍA 2017).-**

Acordouse aprobar o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LALÍN E A ASOCIACIÓN CULTURAL O NARANXO PARA A COORGANIZACIÓN DO EVENTO CULTURAL “ALGARABÍA 2017” asumindo as obrigas e compromisos que para o Concello de Lalín se recollen no mesmo.

**18.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3931/2017. AUTORIZACIÓNS POSTOS FEIRA.-**

Acordouse aproba a proposta da Alcaldía na que expón que se recibiron solicitudes de postos de venda ambulante para os días de feira do ano 2017.

**19.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3938/2017. AUTORIZACIÓN DE ACCESO DE VEHÍCULOS Á PRAZA DA IGREXA CON MOTIVO DE CELEBRACIÓN DUNHA VODA.**

Acordouse autorizar o acceso á Praza da Igrexa dos vehículos dos noivos o vindeiro sábado día 2 de setembro, que deberá realizarse dende a rúa Luís González Taboada.

**20.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3996/2017. SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE USO DO LALÍN ARENA PARA A TEMPADA 2017-2018.-**

Deuse conta do escrito presentado polo Clube Escola de Atletismo Deza, no que solicitan os seguintes horarios para a tempada 2017-2018 no Lalín Arena que dará comezo no mes de setembro.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son as **19:55 horas** do día do seu comezo, da que, eu, como Secretario Accidental, dou fe.